

Carta nº3.

Luns 25 outubro

Concha do Souto A Castañeira.

Concha , a castañeira,non lle quixo comprar as castañas á froiteira,pois pensou que se iba ao souto a por elas aforraría moitos cartos e así podería encargarlle a Carmen da Fía, a costureira, un mandíl novo, xa que o que tiña estaba cheo de furados.

Os castaños estaban moi lonxe da súa casa,tiña que ir en barca dende Cabeza de Dragón ata máis alá do Reino dos Contos e das Lendas...

Primeiro pasaría por casa da costureira para que lle tomase as medidas :Alto, 1 metro , a cintura :1 metro cincuenta centímetros....O quería de liño, ben branquiño...

Para cando chegou ao souto xa case anoitecía.

Ía lixeira botando as castañas no cesto,e pensando no seu mandil novo, cando de súpeto os ouvidos dos lobos , fixérona tremer do medo.

Botouse a correr polo Souto adiante case ás cegas...

Tropezando con todas as polas e pedras do camiño, as castañas caían do cesto e mesmo perdeu o cesto cando bateu coa súa cara no chan....o seguinte que recorda é espertar na súa cama,coa cara e os xeonllos mallados, e sen ningunha castaña....

Como chegou á súa casa?

Outro misterio da Illa...

Concha nin aforrou,nin mandíl estrenou...

Así que mañá ben cediño, irá onde Francisca na berza, a froiteira, a mercarlle as castañas, que logo asará na chapa da súa estufa, e ben quentiñas ,dentro dun cornete de papel,as venderá polas rúas e no "Feirón do Unicornio".

.....Actividades suxeridas....

1.Investigamos:Canto pensades que custa un cornete de castañas?

Cantas castañas trae?

Sabes facer un cornete de papel?

Coñeces a que figura xeométrica se parece?

2.Facemos un cornete.Grabar un tutorial.

3.Facemos a caixa das medras:Sabes cales son as túas medidas??, o talle da túa roupa, ou o número dos teus zapatos?

Investigamos, descubrimos e anotamos nunha ficha individual facendo un ficheiro da clase ou nunha **liña das medras** exposta no corredor.(revisamos as medidas cada trimestre).

4.Debuxamos un mandíl.

Que necesita a costureira para facer un mandil?

De qué está feita a roupa?

E os zapatos?

Cando botamos a roupa á basura....que pasa con ela?

5.Traballamos o trazo e a conciencia fonolóxica do C

Costureira, Castañeira,Carmen, Castaña,Concha,Cornete.

6.Ficha da muller:

- Carmen da Fía a costureira
- Concha do Souto, a castañeira.

7.Completar a licenza de feirante cos adhesivos.

Cancións:

<https://youtu.be/MROVeaRgT7U>

Canción do magosto

<https://youtu.be/F1T7ns0Sats>

A Costureira (Pili Pampín)

<https://youtu.be/79-6l4A1nI>

O outono (Uxía Lambona)

<https://youtu.be/3Im2AZDcKvc>

Corre corre cabaciña

<https://youtu.be/Ym3E5zjqbDc>

Papando o outono (Video informativo)

https://youtu.be/2pgnAO_k4YQ

Monstriños(samín)

<https://youtu.be/8e9HUdpOail>

Samín con pictos(mamá cabra)

<https://youtu.be/3hoThry5WsY>

Video de Haunted house (1929 Mickey Mouse)